

Nota de dous pequenos indicios mineiros galaico-romanos en terrazas fluviais do río Muíños, no lugar de Vilameán-Nigrán.

Óscar Pazos Rodríguez

Autor para correspondencia: oscar_pazos@hotmail.com

Como citar este artigo: Óscar Pazos Rodríguez (2023). Nota de dous pequenos indicios mineiros galaico-romanos en terrazas fluviais do río Muíños, no lugar de Vilameán-Nigrán. *Revista Estudos Miñoráns* 23: 44-46

Resumo

Identifícanse dúas cortas do terreo apostas á explotación mineira galaico-romana das terrazas fluviais do río Muíños, no Val de Miñor. As explotacións están moi alteradas pola actividade humana nunha zona densamente poboada, mais aínda poden verse restos das murias a pé dunha das explotacións, quedando a outra indirectamente identificada pola toponimia -Fonte do Ouro- e a proximidade á primeira explotación. Ao descoñecermos mineralizacións primarias de ouro nas áreas fonte potenciais, discútese a natureza dos minerais explorados.

Palabras clave: minaría galaico-romana, minaría Antiga, Val de Miñor, ouro, casiterita.

Abstract

Two mine cuts attributed to the Gallaecian-Roman mining exploitation of the fluvial terraces of the Muíños River, in the Miñor Valley, are identified. The mines have been greatly altered by human activity in a densely populated area, but the remains of the pebbles at the foot of one of the mines identify it indubitably as a mine, being indirectly identified the other by the toponymy -Fonte do Ouro- and its proximity to the first mine. As we don't know primary gold mineralization in the potential source areas, the nature of the explored minerals is debated.

Keywords: Galician-Roman mining, Ancient mining, Valley Miñor, gold, cassiterite.

Introdución

O Val de Miñor acolle dous tipos de explotacións galaico-romanas en primario, unha de ouro asociada ao dique de Urgal e á banda metasedimentaria Monteferro-O Rosal (Pazos, 2021), e outra asociada ao granito alcalino de dúas micas (IGME, 1981), que abrangue unha chea de laborías ao leste da vila de Gondomar, no lugar coñecido coma «O Picoto», «As Fundas de Sarmiento», «As Covas de Sarmiento», ou «A Mourisca». Nas fichas de Patrimonio GA36021048 e GA36021066 estas laborías aparecen identificadas como explotacións de ouro, porén, no estado de coñecemento xeolóxico actual este granito de dúas micas é

maniño en ouro, presentando en diversos lugares mineralizacións filonianas de Sn e W que no século XX propiciaron exploracións e explotacións, en xeral, de pouca importancia. Até o momento non foran identificadas no Val de Miñor explotacións mineiras en secundario, antigas ou modernas, sendo o motivo desta nota presentar as primeiras, que son «As Telleiras» e «Fonte do Ouro», en Vilameán de Nigrán.

«AsTelleiras» e «Fonte do Ouro»

A explotación das Telleiras é unha corta duns 300 metros de lonxitude cuns 7 metros de salto máximo, aberta nunha suave ladeira ao leste da aldea de Vilameán, hoxe

núcleo urbano de Nigrán (FIG.1). A superficie escavada é de aproximadamente unha hectárea, deixando unha chaira a cota duns 28 msnm. No camiño que rodea a explotación polo suroeste, no lado inferior da área escavada, pódense ver os amoreamentos de croios procedentes do desmantelamento dos conglomerados das terrazas fluviais, acumulacións que demostran o carácter mineiro da corta (FIG.2). Os sedimentos orixinais das terrazas están hoxe completamente esgotados neste lugar, secasí aínda quedan outros pequenos restos a uns 0,8 km ao oeste, a cotas semellantes e visibles nunha pequena corta da rúa Canido, no lugar onde se atopa hoxe o cámping *Playa América*. Nesta zona poden verse tamén os cimentos dun forno telleiro, e dentro do cámping consérvase outra cheminea que dá conta do desenvolvemento desta industria, que tiña como materia prima as arxilas caoliníticas das terrazas fluviais. Porén, estas alteracións mineiras modernas e intensas urbanizacións non permiten dicir se esta outra terraza arredor da rúa Canido fora minada na Antigüidade.

Secasí o actual topónimo de «As Telleiras», a explotación é inequivocamente antiga, o que demostran os cam-



Figura 1. Vista da escavación mineira e corta das Telleiras dende o extremo sur.



Figura 2. Amoreamentos de croios na parte baixa da explotación mineira das Telleiras.

pos e leiras desenvolvidos no seu interior. Malia a corta fose puntualmente reaproveitada para sacar arxilas de xeito artesanal, como ocorreu e mesmo segue a suceder en moitas outras explotacións (FIG.3), o actual estado dos solos e usos agrícolas na explotación non corresponden á restauración ou abandono dunha explotación do séculos XIX ou XX, como ben pode amosar a comparación co estado do terreo na explotación de arxilas desenvolvida apenas 150 metros ao nordeste das Telleiras, a ámbolos dous lados da rúa Reverendo José María Pérez Alonso.

A Fonte do Ouro atópase a uns 0,5 km ao noroeste das Telleiras formando unha pequena corta en arco duns 150 metros de lonxitude a cota duns 40 msnm, cun salto máximo aparente de apenas 3 metros, e unha superficie escavada de apenas 0,3-0,4 ha (FIG 4). Porén, toda a topografía neste lugar está moi modificada polos traballos agrícolas, e, de feito, o fondo da corta está rechea por un gran socalco que elevou o terreo. Así pois, o carácter mineiro desta corta non é definitivo e viría indicado polo topónimo e a proximidade da corta mineira -esta si, inequívoca- das Telleiras.

Ningunha destas terrazas das Telleiras, Fonte do Ouro, ou da rúa Canido aparecen cartografadas no mapa xeolóxico 1:5000, mais serían correlacionabeis coa identificada como QT3 de idade Plistocena entre a aldea de Fontenla e o río Muíños (IGME, 1981), a cotas entre 25 e 32 metros. Esta é, de feito, a única terraza fluvial cartografada no val de Miñor, pois a QT4 corresponde aos sedimentos actuais (holocenos e fluvio-mariños) do esteiro do río Miñor. Boa parte desta terraza de Fontenla foi destruída pola urbanización do *Porto do Molle* no val do río Muíños, mais non hai noticia nin evidencia de que houbera nela explotación mineira ningunha.

Exploración ou explotación; ouro e estaño.

Alén das dificultades debidas ás alteracións das xeoforformas mineiras por usos agrícolas, re-minados, urbanizacións, etc., a interpretación puramente xeomorfolóxica das explotacións antigas non permite identificar os minerais minados ou valorar se estamos diante de traballos exploratorios ou dunha verdadeira explotación, e acotío estas dúas cuestións están relacionadas. Así, neste caso das laborías da Fonte do Ouro e As Telleiras, a ausencia de xacementos de ouro coñecidos na bacía do río Muíños lévanos a considerar que, ou ben estas laborías foron exploracións fracasadas de ouro, ou ben estamos diante de explotacións doutro mineral, disque casiterita. Futuras análises mineralóxicas das terrazas, dos refugallos das minas ou o bateado do río Muíños poderían axudar a responder estas cuestións que a simple xeomorfoloxía das laborías non pode aclarar. Por suposto, esta indefinición é do mesmo tipo que nas referidas minas das Fundas de Sarmiento, e aquí tamén cabe a posibilidade de que haxa xacementos de ouro non localizados que actúan como áreas fonte das terrazas, posibilidade que se ten confirmado noutros lugares da Gallaecia. Porén, namentres eses estudos non estean feitos e o ouro confirmado, no estado de coñecemento xeolóxico actual estas laborías serían ou ben exploracións fracasadas de ouro ou ben explotacións doutro mineral, disque casiterita, o que ao meu ver sería ben interesante.



Figura 4. Mapa de pendentes da zona de Vilameán-Nigrán coa corta mineira das Telleiras, a posible corta mineira de Fonte do Ouro, e mais a corta aberta pola rúa Canido na terraza fluvial aínda conservada e visible na zona.

Referencias bibliográficas

IGME (1981). *Hoja 261. Tuv. MAGNA 1:50.000.*

PAZOS RODRÍGUEZ, Ó. (2021). Labores mineiros galaico-romanos no dique de Urgal: unha minaría superficial de xacementos superxénicos de ouro. *Revista Estudos Miñoráns* 21: 119-127.



Figura 3. Aproveitamento de arxilas para uso doméstico nunha corta dun camiño na mina galaico-romana da Lagoa, no concello de Arbo. Este tipo de minaría de autoconsumo segue a producirse para manter os vellos fornos e cocifas de ferro, entre outros usos.